

BANDO

Comunícase a tódolos interesados que no DOG do día 22 de marzo se publicou a Resolución do 18 de marzo de 2024 pola que se convoca unha edición **do Curso de formación específica de socorrismo en instalacións e espazos acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia**, destinado ás persoas interesadas no desenvolvemento do exercicio profesional de socorrismo.

Requisitos xerais:

- a) Persoas maiores de idade en posesión do título de graduado/a en educación secundaria obrigatoria.
- b) Non estar inscrito de forma definitiva na sección ou seccións correspondentes do Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.

Proba específica:

Superar a proba específica “combinada de aletas” que constitúe o primeiro módulo formativo dos cursos convocados e que se regula na base novena desta convocatoria.

Requisitos físicos/psíquicos:

Os/as solicitantes deberán acreditar que non padecen enfermidade nin están afectados/as por limitación física ou psíquica incompatible coa realización das accións formativas ou co desempeño das funcións correspondentes ao curso a que se opta, mediante declaración que se efectuará xunto coa solicitude de matrícula no curso, e será obriga de cada alumno/a pór en coñecemento da Agasp calquera alteración relacionada con esta.

Solicitudes:

- a) O persoal que desexe participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática dispoñible na páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>); non se admitirá ningunha outra forma ou modelo de solicitude.
- b) As persoas que non sexan usuarias da páxina web da Agasp deberán previamente darse de alta nela, para o cal é necesario facilitar unha conta persoal de correo electrónico.

Prazo: 10 días naturais (ata o 1 de abril)

O ALCALDE

Asinado dixitalmente á marxe.

